

A Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público chama ao boicot contra as reválidas de Primaria e ESO

Animan a darlle continuidade ao éxito do boicot de cursos anteriores e a non baixar a garda na loita contra a LOMCE e o control político neoliberal da educación

Representantes da Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público (PGEDEP) presentaron en rolda de prensa a campaña de boicot contra as denominadas oficialmente como “avaliacións individuais e finais” impostas unilateralmente polo Partido Popular na LOMCE.

Desde a Plataforma incidíuse en que foi a loita e a resposta social contra a LOMCE durante estes últimos cinco anos as que provocaron que a dereita dera marcha atrás na consolidación do carácter académico e vinculante das reválidas para a titulación. Sen embargo, alertaron de que esa marcha atrás non é definitiva e que é preciso seguir mobilizándose para botar abaixo a LOMCE e, en particular, estas reválidas.

As reválidas ou as probas PISA: dúas caras da mesma moeda

A publicación no DOG das ordes que regulan as reválidas coincide este curso coa aplicación das probas PISA nun número indeterminado de centros escolares galegos que, como no caso das probas externas de 6º de Primaria e 4º da ESO, a Consellaría ocúltalle á comunidade educativa, como



unha mostra máis do escurantismo e a falta de transparencia coa que actúa o goberno galego.

O secretario nacional da CIG-Ensino, Suso Bermello, incidíu que “ambas probas, PISA e reválidas, responden ao mesmo interese de introducir elementos de control académico e curricular por parte dos gobernos que obedecen fielmente os mandatos de organizacións sen control democrático como a OCDE e os grandes lobbys editoriais e do mundo das empresas privadas do ámbito educativo”. As probas externas aos centros, sacralizadas pola LOMCE, implican –en palabras de Bermello– “unha subordinación dos contidos curriculares a eses intereses,

xerarquizando as diferentes materias e introducindo elementos de tensión innecesaria no alumnado. Supoñen, ao tempo, un desprezo absoluto ao profesorado, despojado do seu papel central no proceso de ensino-aprendizaxe e sometido a un control que busca eliminar ou restrinxir ao máximo a liberdade de cátedra e a autonomía tanto do profesorado individualmente como dos propios centros educativos”.

O papel que os gobernos español e galego queren asignarlle ao profesorado, coa introdución de elementos de control propios da empresa privada como a estandarización dos currículos e as probas externas, é a de

simple correa de transmisión dun modelo educativo alleo á realidade social e cultural do alumnado. A Plataforma Galega fai unha defensa a ultranza da avaliación continua fronte ao modelo neoliberal, xerarquizante e clasista da LOMCE e defende unha educación integral na que non existan materias de primeiro e segundo nivel e onde o alumnado, especialmente aquel con necesidades específicas de apoio educativo, non sexa segregado nin estandarizado.

Suso Bermello fixo especial fincapé no éxito das campañas de boicot nos últimos cursos, chegando a que máis do 80% das familias non enviaran os seus fillos e fillas aos centros nos días nos que se desenvolveron as probas de Primaria e conseguindo finalmente que a proba de 4º da ESO non tivera valor académico. En representación das ANPAS, Xosé Bustelo informou da intención das asociacións de nais e pais de oporse de novo ás reválidas e solicitou un esforzo das familias para facer fronte aos problemas de conciliación laboral e familiar e non enviar as crianzas aos centros.

A reválida en 3º de primaria, fixada para os días 23 e 24 de maio, terá carácter censal polo que estaría chamado a facelo todo o estudando deste nivel.

No caso das avaliacións finais de Primaria e a ESO, nos días 29 e 30 de maio, terán un carácter mostral e neste momento descoñécese o número de centros propostos así como os supostos criterios para selecciónalos, exactamente igual que coas probas PISA.

Unha Consellaría escondida e asentada no inmovilismo

A loita contra as reválidas nestes cursos pasados causou como reacción un auténtico exercicio de cinismo por parte de Consellaría, que se preocupou de tentar desmobilizar as familias restándolle importancia a estas reválidas, incidindo no feito de que non teñen valor académico. “Non hai mellor maneira de negar a súa relevancia que anulándoas por completo”, afirmou o portavoz da Plataforma Galega, Suso Bermello.

En todo caso, a estratexia do goberno galego responde ao ditado do PP desde Madrid de manter un perfil baixo ao respecto da LOMCE. Así se evidenciou na fraude que supuxo a Subcomisión do Congreso para un Pacto pola Educación coa que o PP, coa colaboración de Ciudadanos, foi quen de manter inoperante a unha oposición política que só despois de ano e medio asumiu a parálise e a

estafa desa negociación que denunciou desde o principio a Plataforma Galega.

Só o seguidismo cego e sen fisuras que a Consellaría practica coas ordes que lle chegan da rúa Xénova permite entender que se sigan a dilapidar cartos públicos na realización dunhas probas que non teñen ningún percorrido nin resultado de relevancia, ao tempo que os problemas que acusa a educación no noso país seguen lastrando toda posíbel recuperación, tanto no número de profesorado e na resposta ás súas demandas como na redución das rateos ou a mellora da atención á diversidade.

A avaliación debe empezar pola propia Consellaría

A Plataforma Galega defendeu a necesidade de avaliar o funcionamento do propio sistema educativo en base ao diñeiro e recursos destinados á educación no marco dos orzamentos da Xunta, aos cadros de persoal co que dota os centros públicos, aos profesionais destinados á atención a diversidade, á obriga de impartir materias afíns, ao agrupamento de alumnado de diferentes idades, á política de axudas para libros de texto e de material escolar, á xestión do transporte escolar ou ao pago polo uso do comedor escolar.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO

Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO

Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA

Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal